

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE OUTUBRO DO DOUS MIL VINTE: -----

EXPTE. 2020007087

PRESIDENTE:

Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

- Juan Antonio Deza Otero (asist. telem)**
- María Paz Lago Martínez (asist. telem)**
- Daniel Arosa Dasilva (asist. telem)**
- María Deza Martínez**
- Marcos Guisasola Padín (asist. telem)**
- Flavia Besada Otero (asist. telem)**
- Oscar Vilar Sartages (asist. telem)**
- Jaime Leiro Otero (asist. telem)**
- Paula Martínez Santos (asist. telem)**
- Ainhoa Fervenza Celestino (asist. telem)**
- Marta Caneda Prieto (asist. telem)**
- Fernando Otero Montes (asist. telem)**
- Sandra Fernández Agraso (asist. telem)**
- Andrea Ucha Bouzada (asist. telem)**
- Vanessa Rodríguez Búa (asist. telem)**
- Yago Torres Pérez (asist. Telemática)**

INTERVENTORA ACCTAL.:

Teresa Amado Moldes

SECRETARIO XERAL:

Angel Luis López Pita
=====

No despacho da alcaldía e por medios telemáticos a través da aplicación “Zoom” (vídeo conferencia, enlace: <https://us02web.zoom.us/j/8756576712>

4) sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de outubro de dous mil vinte. Baixo a Presidencia do Alcalde **TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----



1º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de outubro de 2020.**

Sr. Guisasola Padin, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Bos días a todos, como explicamos na comisión, o único que se fai é aplicar o contrato, unha disposición que hai que di que todos os anos hai que aplicar o IPC, as contías son as mesmas que o ano pasado, pero reducidas nun 0,06%, xa que o IPC que se colle é de xullo de 2019 a xullo de 2020. As cotas son exactamente iguais que as do ano pasado, reducindo esa porcentaxe.

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Simplemente dicir que é unha aplicación do prego que no seu día se aprobou, polo tanto non ten mais incidencia, ademais, neste caso, como o IPC está á baixa, supón unha redución, aínda que mínima, pero unha redución, polo cal, imos votar a favor, pero non quero desaproveitar a ocasión para volver reiterar o que xa preguntei fai un mes, no pleno anterior, gustaríame saber o estado dos contratos do servizo do auga, porque aprobamos unha prórroga ou como se chame, xa forzosa, especial, que permite a lei en casos extremos e estase acabando o prazo e non temos ningunha noticia do tema, pregunteino no pleno anterior e supoño que terei que esperar un mes mais, porque, agora, as respostas tardan dous meses, pois esperarei un mes mais, pero que quede constancia de que sigo preocupada polo tema do contrato da auga.

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Bos días, nós tamén imos votar a favor, todas as subidas ou baixadas que vaian co IPC é normal e teñen sentido, nós imos votar a favor.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Ola, bo día a todos e a todas, efectivamente é un tema do prego de obrigado cumprimento, o IPC é negativo, aínda que minimamente, pero iso vai proporcionar unha redución, aínda que bastante escasa, é de obrigado cumprimento, imos votar a favor, non só neste punto, senón nos seguintes que tratan sobre o ciclo da auga, pero, efectivamente, eu tamén aproveito, igual que a compañeira Vanessa, porque levamos xa tres anos de goberno do PP, que sabe perfectamente que é un contrato que se acabou, que era por 25 anos, polo tanto tiveron tempo suficiente, sabemos que é un contrato que vai ter un proceso longo, porque non é un contrato de servizos pequeno precisamente e, que non saibamos nada a oposición de como vai o tema, de como está avanzado, pois é preocupante, non sabemos se está moi avanzado, se está pouco avanzado, en teoría non se podía prorrogar nin sequera o ano pasado, despois se puido prorrogar un ano mais e, agora, imos atoparnos a 31 de decembro sen saber se se vai poder prorrogar, se non e que non sabemos



absolutamente nada, entón se que estaría ben que se nos informase de como está este proceso.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Bos días a todos, pois un pouco o que se comentou, que temos que empezar a saber como está o tema do contrato da auga e nós, tamén, imos votar a favor neste caso.

Sr. Presidente:

Moitas grazas. Señor Guisasola, algunha cousa mais que dicir? Porque vexo que non imos dar mais roldas, porque non ten sentido, polo que acaban de dicir os compañeiros.

Sr. Guisasola Padin, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Non.

Sr. Presidente:

Entón, aproveito para comentarlle a todos os que fixeron a pregunta e a todos en xeral, que no tema da auga está a traballarse, pero van as cousas moi lentas polo que significou este ano e, por tanto, teremos que analizar e non imos a estar nunca, digamos, en ningunha ilegalidade co tema da auga, por tanto, o servizo está funcionando ben e o que importa é facer as cousas ben de cara ao futuro, para prestar o mellor servizo posible para os veciños. Saben vostedes que a lei cambiou fai tres anos e é moi complicado, agora, unha concesión do servizo do ciclo da auga, pero estamos a traballar, pero non hai un expediente que lle podamos presentar para que o vexa a oposición, porque non hai un expediente concreto, hai un montón de estudos e de traballos que se están facendo, pero non hai un expediente posto para sacar un prego, para facer unha nova concesión, é unha cousa parecida ao que houbo anterior, agás que a lei cambiou, hai que adaptarse á lei e punto, non ten mais historia, pero vai cun pouco de lentitude, contabamos con ter, agora, no mes de outubro, todo listo para que entrase en funcionamento o un de xaneiro, pero iso non vai ser posible por moitas cousas que vostedes saben que pasou este ano, porque é un ano excepcional, de acordo? Pero se queren, particularmente, falámolo e coméntolle mais no despacho, cando queiran, non hai ningún problema, pero mais ou menos é o que lles estou comentando, de acordo? Non estamos parados, pero tampouco avanza ao ritmo que nos gustaría a todos.

Non se produciron mais intervencións, e o **Sr. Presidente** someteu o referido ditame a votación, que foi aprobado por **unanimidade**, adoptándose o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas, resultando as seguintes:

Abonados domésticos.

Mínimo (30 m3 / abon. trim.)	0,4416 €/ m3
1º Bloque (máis de 30 a 60 m3 / abon. trim.)	0,4958 €/ m3
2º Bloque (máis de 60 a 120 m3 / abon. trim.)	0,4963 €/ m3
3º Bloque (máis de 120 m3 / abon. trim.)	0,4977 €/ m3



Abonados domésticos con 5 ou máis persoas empadroadas

Mínimo (30 m3 / abon. trim.)	0,4416 €/ m3
1º Bloque (máis de 30 a 60 m3 / abon. trim.)	0,4416 €/ m3
2º Bloque (máis de 60 a 120 m3 / abon. trim.)	0,4958 €/ m3
3º Bloque (máis de 120 m3 / abon. trim.)	0,4963 €/ m3

Abonados comerciais

Mínimo (30 m3 / abon. trim.)	0,4416 €/ m3
1º Bloque (máis de 30 a 60 m3 / abon. trim.)	0,4958 €/ m3
2º Bloque (máis de 60 a 120 m3 / abon. trim.)	0,4963 €/ m3
3º Bloque (máis de 120 m3 / abon. trim.)	0,4977 €/ m3

Abonados industriais

Mínimo (75 m3 / abon. trim.)	0,4958 €/ m3
Excesos	0,6306 €/ m3

Obras

Mínimo (120 m3 / abon. trim.)	0,6306 €/ m3
Excesos	0,8033 €/ m3

ALTAS DE CONTRATO

En concepto de dereitos, ó facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establécese o prezo de 105,53 euros.

FIANZAS

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 171,87 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan aboados os recibos pendentes.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporáse ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.2021".-----



2º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de outubro de 2020. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de outubro de 2020.

Non se produciron intervencións, e o Sr. Presidente someteu o referido ditame a votación, que foi aprobado por **unanimidade**, adoptándose o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas, quedando como segue:

Primeiro. Tarifa.

1.- Vivendas de carácter unifamiliar.	15,577 €/año
2.- Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación	3,912 €/año
3.- Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros.	1.297,487 €/año
4.- Os colexios privados por cada alumno matriculado	0,220 €/año
5.- Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutros apartados	18,715 €/año
6.- Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no 2º.- apartado...	51,922 €/año

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ó público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 a 6.

7.- Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres Mecánicos.....124,606 /año

POR DEREITOS DE CONEXIÓN A REDE XERAL DE SUMIDOIROS.

Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas:

Unha cota única de..... 106,06 euros

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.



CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.2021".-----

3º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de outubro de 2020.

Non se produciron intervencións, e o Sr. Presidente someteu o referido ditame a votación, que foi aprobado por **unanimidade**, adoptándose o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas sendo as que seguen:

A).- Abonados con contador e servizo de abastecemento de auga:

Cota fixa mensual

Uso doméstico	3,034 €/mes
Uso comercial	3,034 €/mes
Uso industrial, hostalería e outros.	5,205 €/mes

Por consumo

Uso doméstico	0,194 €/ m3
Uso comercial	0,194 €/ m3
Uso industrial, hostalería e outros.	0,194 €/ m3

B).- Abonados sen contador e sen servizo de abastecemento de auga:

Uso doméstico	16,518 €/ trim.
Uso comercial	16,518 €/ trim.
Uso industrial, hostalería e outros	47,258 €/ trim.

C).- Abonados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento de auga:

Aqueles abonados/industriais que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán, ao seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual	5,205 €/mes
Cada m3 vertido (medido ou aforado)	0,194 €/ m3



SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.2021".-----

4º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA E URBANA. EXENCIÓN CENTROS DE SAÚDE PÚBLICOS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de outubro de 2020.

Sr. Guisasola Padin, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Neste punto, como ben dixo o secretario, o que se fai é, ao Sergas, neste caso, aos centros de saúde, elimínaselles o IBI correspondente. Había xa un acordo no ano 2008, aprobado polo Pleno da Corporación, que así o dicía e non se levou, en ningún momento, a pleno esa modificación e, levámolo agora, para eximir, como dixen antes, aos centro de saúde do pago do IBI, nada mais.

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Aquí tampouco quero perder a ocasión de dicir que me parece estupendo que o Sergas nos esixa a nós que cumpramos coa obrigaón que no 2008 aprobou o pleno de eximirlle do IBI, en concreto ao Centro de Saúde do Revel, que foi o que se fixo nese momento, pero tamén creo que por parte da Administración Local, que ademais, neste momento, coincide co partido que se encontra na Xunta, tamén se lle esixa ao Sergas que cumpra co resto dos cidadáns, porque o que está a pasar nos centros de atención primaria, creo que é un clamor público para todos, entón, paréceme moi ben que o Sergas nos esixa a nós e que cumpramos no que no seu día acordamos, pero tamén nós deberíamos aproveitar para esixirlle ao Sergas determinadas cousas.

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Eu, respecto ao punto, vou votar a favor, é un acordo e vou votar a favor, vexo ben iso.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Primeiro notificar que hai unha errata no informe da comisión, que pon que é do 2018, pero é do 2008 o acordo, simplemente para que se corrixa. Nós tamén imos votar a favor, pero tamén, efectivamente, volvo a estar de acordo coa compañeira



Vanessa, entre que teñen que aportar, que non é pouco e non o están achegando para mellorar a sanidade pública que, desde logo, boa falta que fai e vai facer a partir de agora, pero logo, tamén, teño que aproveitar para dicir que está moi ben que o Concello exima de certas taxas á Xunta e estaría ben que a Xunta tamén eximise de certas taxas ao Concello, como, por exemplo, todas as de portos, cando teñen que ver con actividades municipais, porque é unha sangría, entón estaría ben que a Xunta eximise de certas taxas en temas importantes, temas municipais, como, por exemplo, o entroido, ou cousas que se fan ano tras ano, desde logo, para as actividades teñen que ser un pouco menores, porque, ás veces, hai que deixar miles de euros, só para pagar un anaco de chan que nos cobra Portos, entón, se que creo que é necesario un quid pro quo. Nós, municipalmente, renunciámos a eses cartos do IBI, pero tamén vai sendo hora de que a Xunta aporte un pouquiño e teña un pouco de consideración, sobre todo coas actividades municipais.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Nós, con respecto a este punto, estivemos a falar que tendo en conta que Sanxenxo ten 16.000 vivendas, das cales 11.000, segundo os últimos datos que saíron publicados, son de persoas que non están empadroadas neste Concello e entendemos que, ao ser segundas vivendas, non están carentes, precisamente, de recursos económicos e tendo en conta que este Concello necesita, ou pretende querer ter sempre un turismo de calidade, pois, ao mellor, un incentivo para estas persoas, para que se empadroasen e chegásemos a eses famosos 20.000 empadroados, que tanto queremos e desexamos todos, sería darlles un incentivo, subíndolles un pouquiño o IBI a eles, ou sexa, cobrar un pouco mais aos non empadroados que aos empadroados, non sei se iso está dentro das posibilidades que podemos decidir como Concello, pero, se se puidese, sería un bo incentivo.

Sra. Fernández Agraso:

Non é legal.

Sr. Presidente:

Exactamente Señora Fervenza, é un erro o que está a comentar, pero tampouco lle imos a dar importancia, as subidas do IBI non poden ser discriminatorias, pero é igual, deixámolo aí, paréceme ben o que acaba de dicir, que outro día sentémonos e se abra un debate sobre o tema que acaba de comentar, pero nesa liña non pode ser, porque xa intentamos facer algunha cousa fai anos por outro tema e tampouco puido ser, ou sexa, ten que ser lineal o tema e non vale así, outra cousa son as bonificacións, que é subir o IBI mais a todo o mundo e bonificar aos que viven aquí, é distinto.

Sra. Fervenza Celestino:

Un incentivo para que se empadroen aquí.

Sr. Presidente:

Xa, pero non é tan fácil o tema, estou de acordo en que é un debate que vén ben, e estou de acordo que o fale, pero da maneira que o explicou non pode ser, pero está ben que se saque o tema.



Sr. Presidente:

Señor Guisasola, algunha cousa mais que dicir?

Sr. Guisasola Padin, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Non.

Non se produciron mais intervencións, e o **Sr. Presidente** someteu o referido ditame a votación, que foi aprobado por **unanimidade**, adoptándose o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: modificar a ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens inmobles de natureza rústica e urbana, engadindo un segundo paragrafo ao art. 3º co seguinte tenor literal:

“De acordo co disposto no art. 62.3 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 05 de marzo (TRLRFL) no que dispón que se pode establecer unha exención do IBI a prol dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros”.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.2021”.

5º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE PUNTO LIMPIO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de outubro de 2020.

Sr. Guisasola Padin, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Neste punto, como explicamos, practicamente, o que traemos é unha tarifa nova, que é a dos colchóns, os particulares quedan exentos das tres primeiras unidades ao ano, pero, fundamentalmente, o que estamos a ver e que hai moita incidencia, sobre todo nas industrias e no servizo de hoteis, por suposto, que teñen moitos problemas para desfacerse destes materiais, dos colchóns, entón dámoslle a opción de que os poidan deixar no noso punto limpo e repercutímoslle o custo que nos custa eliminar este residuo, practicamente é iso, nada mais.



Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Neste punto, simplemente dicir que se, efectivamente, hai unha problemática en concreto co tema dos colchóns e, referido aos profesionais, podo entender o sentido da medida, de todas as formas, calquera medida que teña que ver co punto limpo ten que ir acompañada de reforzar o bo funcionamento do punto limpo e, refírome, mesmo, para os privados e, tamén, aumentar a vixilancia, para que non se produzan outros puntos limpos, por dicilo de algunha forma, non permitidos, en varios montes, como sabemos que existen en determinados casos e que considero que non teñen nin o castigo nin a vixilancia que deberían ter.

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Eu estou totalmente de acordo neste punto, porque creo que unha casa normal non cambia todos os colchóns á vez, vai cambiando pouco a pouco, os hoteis e as casas que alugan se que o fan e eles, como cobran por alugar as casas, se que ganan para levalos ao punto limpo e, por iso, estou totalmente de acordo.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Nós, aquí, se que cremos que está mal formulada a proposta, nós non cremos na limitación de particulares, en cambio se cremos que debe haber unha limitación por arriba, aínda que sexa elevada, a grandes volumes e empresas grandes. Para nós, o punto limpo debe ser o canalizador de residuos a particulares, a autónomos e a pequenas empresas, as grandes empresas e con volumes importantes deben ir canalizados por outra vía e non polo punto limpo municipal. E logo, un particular, a min e que me parece increíble, non estamos a falar de algo que se cambie cada seis meses, nin sequera cada ano, a recomendación de cambiar un colchón é cada dez anos, hai xente que, se cadra, arranxa a casa e, de repente, ten que cambiar catro ou cinco colchóns, paréceme absurdo, ridículo, ter que cobrarlle eses dous colchóns a maiores, cando despois non vai facer uso deste servizo durante dez anos, é que me parece ata mal, se é certo que, ás veces, se cambia un colchón, pero, ás veces, por circunstancias, chegas e compras xa todos os colchóns para a casa e paréceme increíble que alguén particular, que está a pagar os impostos en Sanxenxo, que só fai uso unha vez cada dez anos dese servizo, teña que pagar e, logo, tendo en conta que hai moito desalmado, que despois hai verteduras incontroladas, deixase os tres que non lle cobran e, os outros dous, se cadra, aparecen por calquera monte, polo cal se que propoñemos que se aumente ese límite aos particulares, porque non ten sentido, non é un servizo que usemos cada seis meses, entón, sinceramente, creo que o problema está no tema dos hoteis, de grandes empresas e creo que aí debe controlarse, pero, en cambio, para os particulares, creo que debe estar aberto a que retiren os colchóns que sexan necesarios.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Nós estamos un pouquiño na liña de Fernández Agraso, porque consideramos que hai dúas cousas distintas, unha é o que se lle vai cobrar aos particulares, que se entendemos que nun momento determinado se poida facer un cambio de colchóns de toda a casa, porque o fas nun momento determinado e parece que estamos a penalizar a esas persoas que queren facer un cambio total, cando non o van volver a facer ata dentro de cinco, seis ou oito anos e, por outro lado, neste sentido, cando



estamos a falar de cobrarlle aos hoteleiros, as empresas que teñen colchóns nas súas instalacións, non acabamos de entender moi ben a quen estamos tentando cobrar, porque eu entendo que un hotel grande, cando fai un cambio de colchóns, a quen lle compra os colchóns directamente, tamén llos recolle, entón, non tería moito sentido, neste caso, cobrarllo a eles. Por outro lado, está o tema de a quen estamos tentando taxar, ás vivendas turísticas, se cadra? Non me parece que sexa o ano adecuado para poñer un imposto de ningunha característica a maiores, estamos nunha pandemia, estamos todos moi apertados e calquera establecemento empresarial, agora mesmo, está moi danado, polo tanto non nos parece que sexa o momento adecuado para un imposto deste estilo, nin aos residentes particulares.

Sr. Guisasola Padín:

Fale co seu goberno, Señora Fervenza, que nos vai a subir os impostos a todo o mundo, non soamente a uns ou a outros, senón a todo o mundo, fale co seu goberno para empezar, pero creo que están erradas, nós detectamos ese erro, esa necesidade, que teñen, tanto os empresarios como os veciños e demais, que, ás veces, non saben onde retiralos. Primeiro dicir que isto non é un imposto, falen correctamente, este non é un imposto, é unha taxa e soamente cobrámoslle o custo que asume o Concello. Señora Agraso, podo estar de acordo con vostede, pero aquí somos 17.000 veciños, se nun momento puntual dedícanse 600 ou 700 veciños a cambiar os colchóns, iso é moi grave, non o vai cambiar soamente vostede e, para o ano, outra persoa, somos 17.000 veciños e dámoslle a opción de levalos a algún sitio, senón, despois e cando pasa o que pasa, aparecen no monte e aparecen noutros sitios, porque, ata agora, non tiñan opción de levalos a ningún sitio, agora se lle damos a opción de levalos ao punto limpo, evidentemente, cando pasan ou exceden dun número determinado, hai que cotexar, estamos a falar de 5 €, non se rachen as vestiduras, cada dez anos se pasan mais de tres e a unha empresa dámoslle a opción, porque é certo que moitas empresas, cando compran os colchóns, recóllenllos, pero hai outras que non, non dan ese servizo e ese é un servizo que nolo están demandando e non vou dicir nada mais.

Non se produciron mais intervencións, e o **Sr. Presidente** someteu o referido ditame a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do PP e Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Abstencións: 6 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do BNG e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito**, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: aprobar a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO”.



Modifícase o artigo 7 que queda coa seguinte redacción:

ARTIGO 7º BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

A base imponible é o número de kg de material depositado ou número de unidades, no caso de colchóns.

A determinación e cotas por depósito realizaranse de acordo co seguinte cadro:

TIPO DE RESIDUO	PESO KG	TARIFA
ESCOMBRO	Ata 50 kg	0,00 euros/kg
ESCOMBRO	de máis de 50 kg ata 1.000 kg	0,20 euros/kg
Colchóns	5,00 euros/unidade	

A tarifa relativa a colchóns non será de aplicación a particulares, ata un máximo de 3 unidades/ano por vivenda ou unidade familiar.

Os demais residuos quedan excluídos da aplicación de tarifas por depósito.
A cota tributaria determinarase por unha cantidade variable sinalada segundo a natureza dos residuos a depositar.

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporáse ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.2021".-----

6º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de outubro de 2020.

Sr. Guisasola Padin, concelleiro do Grupo Municipal do PP:
Nada que dicir, que o mínimo que se vai pagar son 20 €, nada mais.



Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Entendo que, polo que di o Señor Guisasola, o único cambio que se fai na ordenanza existente é que se establece o mínimo que, antes, entendo que non existía, de 20 €, non hai nada que engadir por tanto.

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Paréceme ben, se ocupas un terreo público, pois algo terás que estar a dificultar o paso dos demais veciños e, puntualmente, por unha obra, pois me parece ben.

Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Non teño nada que dicir.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Eu, neste caso, entendo que cando se fan obras e fanse este tipo de instalacións e usurpacións na rúa, xa se piden licenzas e permisos, non? Contabilizouse cal é o importe ou sexa, que beneficio realmente vai obter o Concello por esta taxa en concreto? Porque me parece pouco significativo.

Sr. Presidente:

Señor Guisasola, algunha cousa mais que dicir?

Sr. Guisasola Padin, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Non.

Non se produciron mais intervencións, e o **Sr. Presidente** someteu o referido ditame a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 5 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar a **MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PUBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓN ANÁLOGAS.**

Modificar o mínimo a pagar polo total da ocupación: 20,00 €

SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporáse ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.



TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.2021".-----

7º) PROPOSICIÓN DE APROBACIÓN DA NOVA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de outubro de 2020.

Sr. Guisasola Padin, concelleiro do Grupo Municipal do PP:

Como saben todos vostedes, a mediados do ano pasado, derogamos esta taxa polo feito da pandemia e, para poñela outra vez en actividade, é obrigatorio aprobala de novo e actualizada. O prezo ben sendo o mesmo que estaba no ano 2018, soamente, o que facemos, é actualizalo.

Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:

Neste punto teño que dicir que, efectivamente, como di o Concelleiro de Facenda, derogouse esta ordenanza, suspendeuse os efectos desta ordenanza o ano pasado pola situación que tiñamos, situación que entendo que, a día de hoxe, non foi arranxada, nin ten arranxo nos vindeiros meses, oxalá á tivese, por tanto entendo que, quizais, non sexa o momento de rehabilitar esta ordenanza, coa situación que temos, na que están a sufrir moitos sectores, está claro, pero o da hostalaría é, evidentemente, un que está a sufrir moito e que ten especial incidencia no noso Concello, entón entendo que este non é o momento de traer esta proposta ao pleno. Mentres noutros Concellos, por exemplo Vilagarcía, nos seus plenos, están a conxelar taxas e a bonificar, pois nós estamos a traer unha ordenanza que derogamos fai uns meses. Pola situación que temos e que seguimos tendo e que, desgraciadamente, o mais probable é que imos a seguir tendo nos próximos meses e, se cadra, no próximo ano, polo cal, entendo que este, quizais, non é o momento de aprobar esta taxa, agora mesmo.

Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:

Eu estou de acordo de volver a poñer esta taxa, realmente moitas terrazas beneficiáronse disto que sacamos, pero había moitas terrazas que non abrían, só ábrenas no verán e, xusto cando as abriron, podería haber xente e, realmente, había moitos días que estaban cheas, ata había xente de mais. Creo que dentro de que a hostalaría o pasou mal, moitas terrazas beneficiáronse, votaron cinco o seis meses sen pagala e hai terrazas que só abrían tres meses e, os bares que non teñen terraza, por exemplo, eses se que sufriron e non lle sacamos nada, por iso eu estou de acordo para poñer esta taxa.



Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do BNG:

Como dicía o Señor Guisasola, xa estabamos na pandemia cando votamos pola supresión de esta taxa, xa tiñamos o problema arriba, atopámolo de súpeto e actuouse no momento e actuouse de urxencia, agora mesmo todos os indicativos móstrannos que, desgraciadamente, nada indica que isto vaia a cambiar, por desgraza todo indica que non vai variar moito de fronte o ano que vén, polo que cremos que o mais responsable nunha corporación sería traer a este pleno, bo do goberno, sería traer a este pleno da corporación unha proposta amortiguadora, que axude a reactivar o sector e non angustiar, xa no mes de outubro, pensando o que van ter que pagar para o ano que vén. O mais responsable, para nós, sería traer unha proposta á baixa, é dicir, unha redución do 50% para reflotar o sector da hostalaría, sen descartar, chegado o momento, mesmo volver a exención da taxa novamente, como pasou o ano pasado, segundo a situación que se de a mediados do ano que vén, segundo as circunstancias nas que nos atopemos nese momento. Hai que ter en conta que, á parte da situación sanitaria que estamos a vivir, está a situación económica, non creo que este ano ningún local, é certo que os que non teñen terraza, evidentemente, pasárono mal, pero tampouco imos dicir que os que tiveron terraza fóra como outros anos anteriores, porque iso non é así, a situación económica é complicada, a situación económica é difícil, mesmo para os que tiveron terraza este verán e, tamén, hai que saber que estiveron infrautilizadas, porque aínda que algúns se puideron poñer mais mesas, é certo que outros non tiñan capacidade para poñer mais mesas e é certo que había unha normativa que obrigaba a unha distancia de seguridade, outra cousa é que non o fixesen e que as administracións competentes non vixiasen iso, pero se había esa normativa de distancia de seguridade, polo tanto caben menos mesas e, logo, tamén, no que estamos agora, con redución de aforos cada dous por tres, por tanto están infrautilizadas, non poden utilizar as terrazas, tal e como deberían poder utilizalas, por tanto están a recadar menos, entón, nós imos votar en contra, porque cremos que o mais responsable sería traer unha rebaixa, sen que iso exima despois, mais adiante, de tomar outro tipo de medida, pero se, unha rebaixa, porque, mesmo para que neste tempo, se alguén está a pensar en traspasar, en montar algo e demais, que sexa un incentivo e non unha preocupación mais ter que pagar o 100% dunhas terrazas que, neste momento, non sabemos se se va poder utilizar libremente a terraza e con todo o aforo e coa distancia que poidan utilizar para ter mais mesas e cadeiras, polo tanto cremos que sería a opción mais responsable, que outro concellos o están a facelo para beneficiar ao sector e nada mais.

Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Nós estamos, neste caso, tamén, co Bloque, pensamos que non é o momento en absoluto de volver a instalar estas taxas a un sector que está tan tocado, un sector que é o motor económico deste Concello e cremos que, mais que reducir o 50%, debería estar exento outro ano mais, aínda que flotase todo de novo, porque debería ser un inxector da economía para este Concello e non temos moitas mais ferramentas, como Concello, como Administración Local, para axudar, que incentivar coas taxas que se están cobrando. Por tanto cremos que non se debería de traer esta nova taxa, ou sexa poñela outra vez en vigor e manter a exención e, por outro lado, a única cuestión que se me pasa pola cabeza para poder meter isto



como taxa e que é unha boa partida para dicir que temos cartos para os próximos presupostos, que vai ser irreal, porque sabemos que dentro duns meses, imos volver a vir con esta taxa e ímola derrogar e ímola deixar exenta, porque é o correcto e o que ten que ser, por tanto imos votar en contra.

Sr. Guisasola Padín:

Eu creo que demostramos, este goberno demostrou a súa capacidade cando se necesitou e seguiraa demostrando, iso que quede por arriba de todo. Evidentemente eu creo que estamos nun momento moi complicado, pero eu creo que sería unha irresponsabilidade non levar esta taxa, nós consideramos que levamos unha taxa que se leva sen subir dez anos, os últimos dez anos e, despois, o tempo diranos se temos ou non temos razón, ou se temos que tomar algunha medida como a tomamos neste ano. Pero se me gusta que, por exemplo, a Señora Vanesa e a outra compañeira falan que outros Concellos están a tomar medidas, que este Concello non é que non estea a tomar medidas, falou do Concello de Vilagarcía, dareille agora algún dato para que saiban todos vostedes e, sobre todo, os veciños de Sanxenxo, que temos os impostos e as taxas mais baixas da zona e pódolle dar comparativas, porque, no IBI, tanto que falan, eu non vin ningún Concello que reducise o IBI, este Concello, este grupo de goberno, xa estando na oposición, baixou un 10%, en contra de todos vostedes e, volvemos a rebaixar outro 10%, cando entramos no goberno e témolo no mínimo legal hoxe, se me fala de Vilagarcía, teno ao 0,51, case un 30% mais, xa non lle digo Pontevedra, a un 0,64, un 60% mais, ou Poio, ao 0,47, un 18%, e fállolle de taxas, as mais importantes, de maior recadación, como a do lixo e a dos vehículos, na mesma porcentaxe, en vehículos de 12 a 15 cabalos, temos unha taxa en Sanxenxo de 71,94 €, mentres que en Pontevedra pasa de 118 € e, en Poio, de 100€ e, no lixo se que non lles quero dicir eu nada mais, co servizo que se presta, en Sanxenxo, no urbano, cóbrase 83 €, en Poio 108, en Pontevedra 129 e Vilagarcía 123. Señora Rodríguez, cando fale de que os demais están a tomar medidas, non oín a ningún que vaia baixar o IBI, nin que vaia reducir nos servizos, tanto de lixo como de vehículos e con outra salvedade que lle podo dicir e tamén demostrar e é que o Concello de Sanxenxo presta unha serie de servizos que non prestan nin concellos como Pontevedra ou Vilagarcía e podo demostralo, piscina municipal, gardarías, centro de día, bibliotecas, escolas de música, etc. Por tanto, só quero dicirillo e lembrarlo, sobre todo aos veciños, porque vostedes xa sei que o saben, o que pasa e que non poden confirmalo, ou non poden dicir a verdade, porque non vai nos seus xenes dicir a verdade. Prestamos unha serie de servizos de calidade e de cantidade que non prestan outros e cos impostos e taxas mais baixos da comarca, moitas grazas..

Sra. Rodríguez Búa:

O que me parece unha desvergoña máxima e que, a estas alturas e co que están a sufrir os veciños e levan anos sufrindo, sigamos colgándonos medallas, por parte do PP, co tema do BI, cando sabemos de sobra que o problema do IBI, sobre todo, é a ponencia de valores que todos tivemos que sufrir, por culpa exclusiva do PP e de moitos dos que estades aquí, nesta pantallita, agora mesmo, co cal, o tema do IBI, creo que por respecto aos veciños, debíades deixalo xa aparte e deixar de colgarvos medallas inexistentes, porque onde está a subida é onde está, o tema da ponencia de valores, do cal sodes os únicos responsables, entón, por favor, o tema do IBI, por



respecto aos veciños, deixar de colgarvos medallas que non tedes, senón todo o contrario, os números claro que se poden manipular, pero a xente sabe canto ten que pagar ao final do mes e iso non fai falta que llo diga nin vostede nin eu, porque a xente sábeo, así que non veña a colgarse medallas que non existen, porque me parece a desvergoña máxima, aínda que aquí xa vin de todo, así que tampouco me sorprende tanto. Sinxelamente dicir que toda esa escusa de mais e esa pretendida defensa, faise mentres se está a aprobar unha taxa, entón é que me parece de broma, está dicindo que é súper marabilloso, que llo baixa todo, pero está a aprobar unha taxa que fai seis meses tiveron que quitar, porque recoñeceron que a situación estaba como estaba, salvo que vós digádesme que a situación mellorou moito, cousa que eu, desde logo, non estou a ver, entón non entendo como una taxa que fai seis meses entendemos que non correspondía pola situación, se a situación non cambiou, agora se corresponde. Non sei, falar pódese falar, pero os feitos son claros.

Sr. Torres Pérez:

Eu quero facer un inciso, como somos, como di o Señor Guisasola, pioneiros en ter os impostos mais baratos, somos pioneiros do turismo, en Sanxenxo, pois a min gustárame que o Señor Guisasola puidese dar un argumento mais e, para iso, gustárame que fósemos pioneiros en que todos os veciños de Sanxenxo tivésamos saneamento, xa que acabamos de ler aquí, no punto tres, o saneamento é unha obrigación, unha obrigación do Concello, unha obrigación do grupo de goberno dar saneamento a todos os veciños, non é unha obrigación, por exemplo, pintar Silgar de cor vermella ou comprar un baixo en Sanxenxo agora mesmo, pero o saneamento se que é unha obrigación e eu, na miña parroquia, coñezo moitas, moitas rúas sen saneamento, moitas rúas que lle pasa o saneamento, pero está moi alto e os veciños non poden enganchar, sei ata casos de veciños que pagaron para que lles viñesen enganchar e chegaron alí e dixéronlle “Non, te devolvemos os cartos, que o tubo non dá, está a 20 centímetros da estrada, non nós dá á altura”. Gustárame ser pioneiro niso, é unha obrigación do Concello, por iso gustárame ser pioneiro nisto tamén.

Sra. Fernández Agraso:

Efectivamente, o tema do IBI xa o explicou Vanesa perfectamente, por tanto reiterar, tal cal, as palabras que dixo a compañeira Vanesa e, sobre todo, lembrarlle ao Señor Guisasola que, aínda que está conxelada a taxa, os veciños van pagar un 10% mais, precisamente pola ponencia de valores que di a señora Vanesa, é dicir, que os veciños saben que este ano van pagar mais, non se conxela nada, que non pensen que o IBI lles vai a custar o mesmo que o ano pasado, porque non, vai custar un 10% mais, esa é a realidade deste concello, por culpa do Partido Popular e de todas as sentenzas que tivemos que pagar. Por certo, a ver como acabamos co IBI ao final desta lexislatura, porque igual temos que pagar mais de dez millóns de euros, a ver de onde os sacamos, entón, de momento estamos no 0,40, veremos como acabamos. E os tantos por cento, iso é como o tema dos soldos, algo co que eu non estou nada de acordo, porque os tantos por cento, o que fan, é que, quen gañe mais, gañe moito mais, e a quen gañe menos, lle suba moi pouquiño, entón, aquí, igual, todo depende do valor do chan, ou sexa, un 0,40 en Sanxenxo, se cadra, é moito mais que un 0,68 ou un 0,70 pois en calquera sitio de Ourense, por tanto, os tantos por cento son moi enganosos. Pero indo ao punto da orde do día, onde están os dous millóns que publicitaron para



axuda da hostalaría? Porque, aquí, dáme a impresión que, unha de dúas, ou vostedes teñen datos que nós descoñecemos sobre a situación económica da hostalaría este verán en Sanxenxo, parece ser que foi súper boiante e, nós cremos que resulta que non, boa non foi, evidentemente, pola situación sanitaria, pola situación epidemiolóxica que tivemos, cremos que sufriron, pero, se cadra, vostedes teñen outros datos que nos están a ocultar para poñerlles, agora mesmo, semellante taxa. Eu entendo e de verdade, vou ser responsable, entendo que o concello ten que recadar para despois dar os servizos, tamén nunca estou de acordo en sacar peito de servizos municipais, cando debería ser a Xunta quen os pagase, non deberíamos sacar peito diso, vostedes levan toda a vida sacando peito dun centro de día municipal, por certo, creo que segue pechado, por tanto igual había que ir mirando iso, pero noutros lados, os impostos dos veciños e das veciñas utilízanse para outras cousas necesarias, porque iso págao a Xunta, porque cada un coas súas competencias, nós non temos que pagar servizos que ten que pagar a Xunta, cando noutras cidades ou noutros pobos resulta que a Xunta se está a pagar iso e, nós, pagamos dobremente, o dos outros pobos e mais o noso, entón, non saquemos peito de non saber facer ben as cousas, de non esixirlle a Xunta, sobre todo cando é da mesma cor, de non esixirlle a Xunta que pague por centros que deberían ser autonómicos e non municipais. Entón, coméntenos señor Guisasola, se ten eses datos de que a hostalaría en Sanxenxo resulta que, grazas ás terrazas, están tan boiantes que para o ano que ben poden pagar o 100% da taxa da terraza, aínda hoxe en día sen saber se se van poder utilizar as terrazas, de canto aforo van ter, da distancia social, non sabemos absolutamente nada, pero á parte diso, repito, non partimos da situación do ano pasado, cando nos pillou a pandemia, agora partimos de moito atrás, porque ou moito me equivoco ou creo que as empresas, neste momento, en Sanxenxo, non están nunha situación boa, por tanto, no mes de outubro, virilles a angustiar con que para o ano, presumiblemente, van ter que pagar o 100% da taxa da terraza, paréceme, ademais, innecesario. Entón, nós, volvemos a expor e a ver se así o recollen, polo menos, unha redución do 50%, á espera, porque tamén somos conscientes que hai que recadar cartos para o Concello, pero á espera da situación sanitaria, se a situación sanitaria é similar á deste ano, excepción da taxa, entón, gustaríanos que o Partido Popular recapacitase, que pense nesa redución e, senón, votaremos en contra.

Sra. Fervenza Celestino:

Eu, soamente un inciso co tema de sacar peito sobre os servizos que ofrece este concello. Este Concello ofrece, como ben estaba a dicir a señora Agraso, servizos que realmente están fóra das súas funcións e, os que deberían estar cubertos como son cultura, deportes, contidos reais para todos os centros que termos, a Telleira, a Casa de Don Fernando, contidos culturais e educativos, necesarios e é mais, subvencións para todas esas asociacións que o van a pasar moi mal, eses son os contidos, os servizos que realmente se deberían estar a dar moito mais, que é o que fan outros Concellos, aguantar coa educación e a cultura e con todas as instalacións, non o que estamos a comentar aquí.

Sr. Guisasola Padín:

Eu son moi terco, son así xa e teño moitos anos, sigo dicindo que o IBI, grazas ao Partido Popular, porque xa que fan a mesma comparativa, deixámola con Sanxenxo,



pero con vostedes seguiría ao 0,48 e, con nós, ao 0,40, por tanto, á parte do que sube cada ano o 10%, estarían pagando todos os veciños un 20% mais na taxa, expliquen as cousas como son e razoables, vostedes votaron en contra das dúas baixadas, votaron en contra, están aí e pódense ver nas actas de sesións, ou sexa, grazas ao Partido Popular baixouse un 20% o IBI en Sanxenxo, que despois estean de acordo coa ponencia, que non queren comparar, que non me fale a señora Sandra de pobos de Ourense, non, non, compáreme con Pontevedra, pero bo, comparando con Sanxenxo, grazas ao Partido Popular do 0,48 ao 0,40, vale? Con Yago estou totalmente de acordo, aquí hai que prestar o servizo de saneamento, niso estamos e creo que iso o vamos a cumprir, pero bo, está en mans do goberno e creo que practicamente quedará todo o mundo con saneamento nesta lexislatura. Por último eu, profesionalmente, podo ter datos e creo que na restauración, na hostalaría, non nos hoteis, que aí se é un tema mais delicado, pero se, na restauración, eu creo que traballaron e moitos mellor que o ano pasado, pero ese é un tema do que non quero dicir nome nin apelidos, sei de moitos veciños que traballaron moi ben en restauración, pero sería unha irresponsabilidade non aprobar esta taxa, porque senón se aproba antes do 31 de decembro, non se poderá ter en conta para o ano que vén e, despois, dependendo como sexa a situación, xa veremos e xa valoraremos o que temos que facer, pero sería unha irresponsabilidade e, se cadra, non hai que poñela exenta totalmente, pero bo, iso xa o veremos co tempo. escoite, en maio ninguén pensaba que se ía abrir e que se ía traballar como se traballou, porque se fala con todos os hostaleiros, hoteleiros e restauradores de Sanxenxo asinaban en maio como pasou o verán, polo menos, dentro da mala situación, que é evidentemente complicada, salváronse os mobles, entre comiñas, nada mais, moitas grazas.

Non se produciron mais intervencións, e o **Sr. Presidente** someteu o referido ditame a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do PP e Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 6 (Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Grupo Municipal do BNG e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 0.

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos seus membros de dereito, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar a **“ NOVA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS, CON FINALIDADE LUCRATIVA”.**

Artigo 1º. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos



15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Percepción

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización.
- Nos servicios de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en calidade



de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

- Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, ratearse por meses. A non



presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2021.

ANEXO

PRIMEIRO: Aprobar as tarifas seguintes:

Tarifa: Coeficiente de utilidade 6 (8 zona A)

Zona A	3,58 euros/4 m2/día
Zona B	2,04 euros/4 m2/día
Zona C	2,02 euros/4 m2/día
Zona D	1,60 euros/4 m2/día
Zona E	1,42 euros/4 m2/día

Para o caso particular de mesas e cadeiras a tarifa será:

Zona A	358 euros/4 m2/ano
Zona B	204 euros/4 m2/ano
Zona C	202 euros/4 m2/ano
Zona D	160 euros/4 m2/ano
Zona E	142 euros/4 m2/ano

Zona A: Paseo Praia de Silgar, Praza de Portugal, Avenida do Porto, Rúa Augusto González Besada, Rúa Praia dos Barcos, zona portuaria de Sanxenxo, e Rúa Rafael Picó en Portonovo.

Zona B: Inclúe o resto do casco urbano de Sanxenxo e da vila de Portonovo

Zona C: Inclúe os cascos urbanos de Vilalonga, Noalla e A Granxa

Zona D: Inclúe os demais núcleos do municipio

Zona E: Inclúe a zona rural do municipio

1º. No caso de mesas e cadeiras a cota a aplicar é anual, non sendo posible a división en tramos.

2º. Para mesas e cadeiras, en casos excepcionais, por eventos singulares, poderase facer unha solicitude que o órgano competente resolverá.

3º. A tarifa comprende un espazo de ocupación de 4 m2, ou ben, para o suposto de mesas e cadeiras, unha mesa e catro cadeiras. Cada cadeira singular, en exceso, aplicaráselle a tarifa que corresponda dividida entre 10.

4º. Para mesas e cadeiras dun mesmo local que ocupen espazos pertencentes a dúas zonas diferentes, aplicarase a tarifa máis alta.



SEGUNDO: de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.2021".-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as dez horas e vinte e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

